| **Nome asesor externo** | Coordinador ADIX: Sergio Rosales.<br>Asesora CFR no centro: Lucía Viéitez Touriño | | | | | |

| **Actividade formativa: Metodoloxías activas – Matemáticas e acción** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | A implementación do novo currículo na etapa Primaria e a presenza da manipulación e a vivenciación como o día a día da aula, fai preciso profundizar na base das aprendizaxe das matemáticas e do emprego de novas metodoloxías que faciliten experiencias nesta materia para a mellora da aprendizaxe do alumnado. | | | | | |
| **Tipo** | ☐ Curso | ☐ Grupo Traballo | ☒ Seminario | ☐ Xornada | ☐ Ponencia | ☐ Taller |
| **Horas: 20** | **Temporalización** | | | | | |
| | **1º T** ☒ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | CFR e dirección do centro. | | | | | |
| **Participantes** | 9 mestres/as (56,25% do claustro) | | | Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí ☒ Non ☐ | | |
| **Nome coordinador** | Marcos Macía González | | | | | |
| **Nome asesor externo** | Asesora CFR no centro: Lucía Viéitez Touriño | | | | | |

## 10. PROXECTO EDUCATIVO

Neste curso académico, o CEIP Plurilingüe de Castrelo contará con 9 unidades, 3 delas de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria.

En Educación Infantil continúase co Programa Plurinfantil que comezou a súa andaina hai tres cursos académicos. Acollerase dentro dunha sesión semanal de psicomotricidade impartida polo mestre especialista en Lingua Estranxeira con destino definitivo no centro.

En Educación Primaria segue coa súa andaina o Programa de Plurilingüismo en toda a etapa integrando no horario semanal lectivo, unha sesión de Educación Artística- Plástica impartida en inglés.

Este ano participarase no programa Polos Creativos co que os obradoiros de robótica e matemáticas manipulativas terán certa continuidade, posto que neste curso e coa implantación total da LOMLOE, estes obradoiros non se impartirán como tal. Tan só se manterán nos niveis de 2º e 3º de EP para a participación dos mesmos na First Lego League dentro da modalidade Explore. A adestradora dos equipos será Rocío González Betanzos.

## 11. CONCRECIÓN CURRICULAR

No curso académico 2021/2022, realizouse unha modificación á concreción curricular en relación á avaliación e promoción do alumnado (documento publicado na web do centro).

Durante o curso 2022/2023, redactouse case toda a concreción curricular do centro grazas ao traballo colexiado do claustro de mestres/as. Esta concreción atópase en formato de borrador dentro da aplicación corporativa PROENS esperando ser rematada ao longo deste curso 2023/24. Para iso, elaborarase un calendario de traballo no claustro para a súa redacción. Unha vez rematada, daráselle publicidade a través da web do centro.

## 12. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

| Curso | Materia | Título libro | Editorial | Idioma | Edixgal | ISBN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º EP | Ciencias da natureza | Construíndo mundos | Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-411-1 |
| 1º EP | Ciencias Sociais | Construíndo mundos | Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-414-2 |
| 2º EP | Ciencias da Natureza | Construíndo mundos | Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-694-8 |
| 2º EP | Ciencias Sociais | Construíndo mundos | Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-696-2 |
| 3º EP | Ciencias da Natureza | Construíndo mundos | Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-410-4 |
| 3º EP | Ciencias Sociais | Construíndo mundos | Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-416-6 |
| 4º EP | Ciencias da Natureza | Construíndo mundos | Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-692-4 |
| 4º EP | Ciencias Sociais | Construíndo mundos | Santillana | Galego | Non | 978-84-9185-698-6 |
| 5º EP | Área das ciencias* | Netex - Smart | Netex - Smart | Galego | Si | |
| 6º EP | Área das ciencias* | Netex - Smart | Netex - Smart | Galego | Si | |

** Puntualmente incluiranse recursos puntuais nas diferentes áreas dependendo dos contidos e/ou dinámicas da aula que se atopan a disposición dentro da plataforma EVA.*

## 13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE LECTURA

Tendo como referente o Proxecto Lector revisado e actualizado no ano 2020 (deberá ser revisado neste curso académico), este ano desenvolveranse actividades enmarcadas dentro do Plan Anual de Lectura. Ademais das citadas a continuación,

poderanse desenvolver outras xa realizadas en cursos anteriores ou outras novas sempre tendo en conta a adecuación das mesmas e das necesidades detectadas nas diferentes aulas.

Polo tanto, as actividades valoraranse individualmente e singularmente dependendo do momento no que se realicen e para os destinatarios das mesmas. As propostas iniciais son as seguintes:

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| Campañas de lectura | Día do libro<br>Letras galegas<br>Día das Bibliotecas Escolares<br>Outras conmemoracións | Todos | Equipo de Biblioteca |
| Exposicións orais | Todo o curso | Todos | Todo o profesorado implicado na actividade. |
| Fidelización do carné de biblioteca. | Todo o curso | Etapa primaria | Equipo de Biblioteca |
| Presentación de novidades lectoras. | Todo o curso (exposición temporais na Biblioteca) | Todos | Equipo de Biblioteca |
| Mochilas viaxeiras | De outubro a maio | Todos | Equipo de biblioteca e profesorado titor. |
| "Dramatizamos contos" | 1-2 veces no trimestre | Todas as etapas | Claustro. |
| Padriños lectores | 1-2 veces no trimes-tre | Todas as etapas | Equipo de biblioteca e profesorado titor. |
| Picnic de contos | 1-2 veces no trimestre | Ed. Infantil e primeiros cursos de Ed. Primaria | Equipo de biblioteca e profesorado titor. |
| Recomendacións lectoras | Dúas veces no curso (Nadal e fin de curso) | Todas as etapas | Equipo de Biblioteca. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Recomendacións lectoras para o profesorado | 2/3 ao trimestre | Claustro | Equipo de biblioteca. |
| Book trailer *(suxerencias lectoras en formato dixital e atractivo para os sentidos)* | 1 vez ó trimestre | Educación Primaria | Profesorado titor. |
| Bibliopatio temático *(renovaranse as temáticas seguindo o calendario escolar)* | Durante todo o curso | Educación Primaria | Equipo de biblioteca e colaboradores. |
| Café literario | 2 veces no curso | Claustro | Equipo de biblioteca |
| A arte de contar contos | Ao longo do curso | Todas as etapas | Equipo de biblio-teca/familias. |
| As frases de Castrelix | Todo o curso | Claustro | Biblioteca |

## 14. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL

O Plan Dixital acollerase dentro da Dinamización das TIC. Sinalar que a coordinación da dinamización deste equipo e do Plan dixital como tal non recaen sobre a mesma persoa. No cadro a continuación, os membros do equipo sinalarase a persoa encargada da coordinación TIC/Edixgal así como a coordinadora de dito plan.

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Sara Pouso Fustes | 0 | AL |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| María Luisa Rodríguez Veloso (coord. TIC- Edixgal) | | Música |
| Marcos Macía González | | Titor/a EP |
| Rocío González Betanzos | | Titor/a EP |
| Ana Gloria Castillo Rodríguez | | Departamento Orientación |

- **Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.**

| **Obxectivo: Empregar entornos e ferramentas dixitais nos contextos de ensino aprendizaxe e nos proxectos interdisciplinares** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Actualización das credencias de usuarios nas Aulas Virtuais | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☐** | **3º T ☐** |

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Indicador** | As credenciais de todos os usuarios quedan configuradas ao inicio do curso escolar | | |
| **Responsables** | Dirección e Coordinación TIC | | |
| **Recursos e materiais** | Rede, entornos virtuais | | |
| **Acción 2** | Rexistro de usuarios, modificación de contrasinais e primeiros pasos nos Entornos Virtuais por parte do alumnado | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Rexistro do 100% dos usuarios | | |
| **Responsables** | Titores/as | | |
| **Recursos e materiais** | Entornos virtuais de aprendizaxe, recursos informáticos | | |
| **Acción 3** | Acceso aos contidos, materiais, recursos, actividades, entrega de tarefas... por parte do alumnado. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | 75% do alumnado accede sen dificultades aos entornos virtuais | | |
| **Responsables** | Coordinación TIC | | |
| **Recursos e materiais** | Entornos virtuais de aprendizaxe, recursos informáticos | | |

| **Obxectivo: Desenvolver estratexias no alumnado que lle permitan crear contidos propios empregando ferramentas dixitais** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Traballo semanal para o coñecemento de estratexias, ferramentas... | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Realízanse actividades semanais de competencia dixital. | | |
| **Responsables** | Titores e especialistas | | |
| **Recursos e materiais** | Lista de control/cotexo | | |
| **Acción 2** | Creación de contidos propios incluídos dentro de proxectos, contidos curriculares... que son publicados na AV ou noutras plataformas de difusión do centro. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O alumnado de Ed. Infantil e 1º ciclo de primaria realiza dúas creacións anuais<br>O alumnado de 2º e 3º ciclo de primaria realiza unha creación trimestral. | | |
| **Responsables** | Titores e especialistas | | |
| **Recursos e materiais** | Medios audiovisuais, editores de texto, imaxe, vídeo, son... | | |

| **Obxectivo: Optimizar o equipamento informático, dispositivos móbiles e periféricos e inferirlle un carácter funcional.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Adecuación do espazo da aula de informática | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Indicador** | A aula de informática remátase para un uso funcional da mesma. | | |
| **Responsables** | Equipo TIC | | |
| **Recursos e materiais** | Mobiliario para a súa adecuación. | | |
| **Acción 2** | Adecuación do espazo Polos Creativos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | A aula de Polos Creativos remátase para un uso funcional da mesma. | | |
| **Responsables** | Claustro | | |
| **Recursos e materiais** | Mobiliario para a súa adecuación. | | |

| **Obxectivo: Implementar os entornos virtuais de aprendizaxe** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Creación de contidos e traballo cos entornos virtuais de aprendizaxe | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Creación de 3 recursos propios subida dunha proposta mensual á Aula Virtual. | | |
| **Responsables** | Profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Entornos virtuais de aprendizaxe, material informático e audiovisual | | |

| **Obxectivo: desenvolver estratexias que permitan ás familias comunicarse para acceder á información a través de ferramentas dixitais.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Obradoiro de formación de familias (de nova incorporación e daquelas que así o demanden) | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Número de persoas asistentes e enquisa de satisfacción | | |
| **Responsables** | Equipo TIC e dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Equipos informáticos e aula virtual | | |
| **Acción 2** | Creación de titoriais de axuda en formato de vídeo e texto (no caso de existir demanda) | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Creación de manuais/titoriais de traballo da Aula Virtual | | |
| **Responsables** | Equipo TIC | | |
| **Recursos e materiais** | Equipos informáticos e audiovisuais, ferramentas de edición de vídeo e texto | | |
| **Acción 3** | Enquisa de uso final por parte das familias (no caso de levar a cabo algunha das accións anteriores) | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☐ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Resultados do cuestionario en liña | | |
| **Responsables** | Titores<br>coordinador TIC | | |
| **Recursos e materiais** | Cuestionarios en liña | | |

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

## 15. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES.

No contexto do fomento de hábitos de estilo de vida saudable, o centro solicitou o *Plan Proxecta+* e dentro del, *o Proxecto Deportivo de Centro,* coas modalidades de *Milla Diaria, Xogade, Máis e mellor actividade física, Móvete+ e Proxectos de Vida activa e deportiva* baixo a coordinación do mestre Jaime Vázquez Meijide. A esta iniciativa de innovación educativa engadir que, en diferentes áreas das impartidas, promóvese a actividade física, o traballo e a aprendizaxe a través da vivenciación, o movemento, a psicomotricidade... que contribúe ao desenvolvemento de hábitos de estilo de vida saudable.

A continuación, recóllense as principais actividades previstas:

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| Día Europeo do Deporte escolar | 30/09/2023 | Todo o centro | Mestre EF e psicomotricidade |
| Polo Samaín: xogos terroríficos | Finais do mes de outubro | Todo o centro | Mestre EF e psicomotricidade. |
| Magosto: xogos populares | Semana do 6 ao 10 de novembro de 2023 | Alumnado educación Primaria | Mestre EF |
| Charla SPAD sobre alcol e drogas | 2º trimestre | 5º EP | Titoría |
| Plan Director: charla novas tecnoloxías | 2º trimestre | 5º e 6º EP | Titorías |
| Carreira solidaria Save the Children | 1º/2º trimestre | Todo centro | Mestre EF |
| Mes da Actividade Física e da Saúde | Mes de abril | Todo o centro | Todo o claustro |
| Día internacional do Xogo | Finais de maio 2023 | Todo o centro | Mestre EF e psicomotricidade |
| Xogos con material de refugallo | Principios de xuño | Todo o centro | Mestre EF, psicomotricidade e mestras de Ed. Infantil. |
| Milla Diaria | Todo o curso | Alumnado de primaria | Mester EF e psicomotricidade. |

Ademais de todos este proxectos e actividades, o centro aconsella seguir un plan de merendas equilibradas para o tempo do recreo. Esta táboa de consellos de merendas está exposta na entrada do centro.

## 16. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

## 16.1. Resultados da enquisa sobre a lingua predominante en educación infantil

De acordo co indicado no *Decreto 79/2010, do 20 de maio*, *para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, o profesorado empregará nas aulas de Educación infantil a lingua materna predominante, tendo en conta a lingua da contorna e coidando que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial.

A lingua materna maioritaria será a determinada mediante a enquisa, que se fai as familias cando se escolarizan en 4º de infantil.

O resultado da enquisa deste curso 2023-24 establece o galego como lingua para traballar en infantil. O 41,7% dos pais e nais do alumnado concretou que a lingua familiar é o galego, aínda que tamén hai que destacar que outro 33,3% fala nas dúas linguas oficiais cos/coas seus/súas fillos/as; un 16,7% empregan o castelá como lingua materna e outro 8,3% noutras linguas estranxeiras (alemán) xunto co castelán. A este dato engadir que o alumnado emprega a diario nun 25% o castelán, o galego nun 33,3% e as dúas linguas oficiais nun 41,7% dos casos seguindo os datos que emanan das entrevistas iniciais coas familias.

Polo anteriormente recollido, o material didáctico estará nesta lingua, sen menoscabo de utilizar o castelán como a outra lingua de referencia (nas que e lingua materna nalgúns seo familiares) así como doutras traballadas a través das diferentes actividades (inglés e o traballo da psicomotricidade a través do programa plurinfantil).

Sinalar que se corrobora a tendencia de detrimento do emprego do galego de modo cotiá entre o alumnado a pesar de que en moitos fogares siga sendo a a lingua materna.

## 16.2. Constitución do equipo de Dinamización de Lingua Galega

<table>
<tr><th>Nome Coordinador/a</th><th>Horas redución</th><th>Nivel/Especialidade</th></tr>
<tr><td>Sara González Magdalena</td><td>1</td><td>PT</td></tr>
<tr><th colspan="2">Nome equipo apoio/dinamización</th><th>Nivel/Especialidade</th></tr>
<tr><td colspan="2">María Carmen Abal Pérez</td><td>Titor/a EP</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| Ana María Tomás del Río | Titora EI |
| Soledad Oubiña Millán | Titora EI |
| Féliz Vázquez González | Titor EP |

## 16.3. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior e propostas de mellora para o curso seguinte

Continúase nas propostas de participación realizadas no anterior curso, pero procurando fomentar máis a expresión oral e escrita, as exposicións entre iguais e con outros membros da Comunidade Educativa sempre tendo en conta a nova dimensión que se lle poida inferir a estas actividades e da súa significatividade.

A pesar disto, continuarase a realizar unha labor conxunta e globalizada co equipo de Biblioteca, Actividades Extraescolares e Complementarias, TIC, PRoxecto Deportivo de centro co fin de dar maior significatividade a todo o realizado no centro. Polo tanto, manterase coordinación con estes equipos co fin de evitar duplicidades e manter un proxecto de centro unificado en todas as súas dimensións e facianas.

## 16.4. Actividades que se van a desenvolver ao longo do curso para o fomento e dinamización da lingua galega

| **Obxectivo: Valorar as tradicións propias da zona** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Samaín, Magosto, Nadal, Entroido e Maios | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O alumnado participará polo menos nun 80% nas actividades realizadas | | |
| **Responsables** | Claustro | | |
| **Recursos e materiais** | Todo o preciso para cada actividade | | |
| **Acción 2** | Colaboración co Concello e outros centros da zona | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O alumnado participará polo menos nunha actividade por trimestre | | |
| **Responsables** | EDLG | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Acción 3** | Traballo en conxunto con outros centros, institucións… empregando fundamentalmente medios dixitais | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Indicador** | O alumnado manterá un contacto trimestral con outros centros | | |
| **Responsables** | EDLG | | |
| **Recursos e materiais** | Todo o preciso para cada actividade | | |
| **Acción 4** | Participación das familias en exposicións orais no centro en relación á PDI da Biblioteca, preferente a través de medios dixitais (vídeos, videoconferencia...) | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O alumnado asistirá e realizará unha actividade sobre as charlas por aula | | |
| **Responsables** | EDLG | | |
| **Recursos e materiais** | Todo o preciso para cada actividade | | |

| **Obxectivo: Fomentar a expresión na nosa lingua** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Dígocho eu | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O alumnado participará a nivel grupal da produción visual dunha escolma de termos galegos | | |
| **Responsables** | EDLG e titorías | | |
| **Recursos e materiais** | Material de audiovisuais, informático... | | |
| **Acción 2** | Actividades de expresión oral e escrita: contacontos, exposición no centro, concurso literario... | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O alumnado participará alomenos nunha actividade por trimestre | | |
| **Responsables** | EDLG | | |
| **Recursos e materiais** | | | |

Ademais destas actividades, poderanse valorar outras actividades que se engloben dentro da dinamización da lingua galega e respecten as medidas sanitarias e protocolarias vixentes en cada ocasión.

Ademais na semana das Letras Galegas traballarase á homenaxeada do próximo ano (2024), Luisa Villalta.

## 16.5. Modificacións na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería competente en materia de educación

Na etapa de Educación Primaria, continuarase co traballo da materia de plástica en inglés desenvolvendo deste xeito o programa de plurilingüismo nesta

etapa. Esta área será impartida pola titora de 1º de Ed. Primaria (Ángela Alba Fernández).

Ademais na etapa de Educación Infantil realizarase unha hora á semana de psicomotricidade en inglés dentro do programa Plurinfantil que se resolveu a comezos de setembro. Será impartido pola mestra de inglés que da clase na etapa de Primaria, María Elena Rodríguez Portela. En canto á asignación horaria nesta etapa para o recollido no currículo en relación á lingua estranxeira, esta terá unha frecuencia semanal e será impartida pola mestra titora de 4º de Ed. Primaria (Irene Moya Trillo).

# 17. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

## 17.1. CONSTITUCIÓN DO DO

| Nome Xefe/a | |
|---|---|
| Ana Gloria Castillo Rodríguez (en substitución de Silvia Muñiz Núñez) | |
| **Nome membros** | **Nivel/Especialidade** |
| Sara González Magdalena | PT |
| Sara Pouso Fustes | AL |
| Rocío González Betanzos | Coord. Infantil |
| Ángela Alba Fernández | Titor/a EP |
| Félix Vázquez González | Titor/a EP |
| María Carmen Abal Pérez | Titor/a EP |
| Irene Moya Trillo | Titor/a EP |
| Marcos Macía González | Titor/a EP |
| Ana Patricia González Costa | Titor/a EP |

## 17.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

O centro consta de 9 unidades conformadas polos 3 cursos da etapa de 2º ciclo da Educación Infantil e 6 cursos da etapa de Educación Primaria, que se adapta ás características do sistema educativo, dispoñendo dun ximnasio, aula de psicomotricidade, biblioteca, aula de pedagoxía terapéutica, aula de apoio á estimulación da audición e linguaxe que está compartida un Departamento de Orientación, patio de recreo, diferentes aulas e almacéns, e outras dependencias de carácter administrativo.

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

Na concreción anual do PXAD faremos constar unha serie de datos referentes ó CEIP Plurilingüe de Castrelo (profesorado destinado ao centro e alumnado escolarizado para o presente curso, así como as necesidades detectadas):

- Profesorado destinado no centro:

| Especialidade docente | Profesorado con destino definitivo | Profesorado con destino provisional | Profesorado compartido con outros centros | Persoal non docente |
|---|---|---|---|---|
| Educación Infantil | 4 | | | |
| Educación Primaria | 4 | 2 | | |
| Lingua estranxeira: Inglés | | 1 | | |
| Educación Física | 1 | | | |
| Música | 1 | | | |
| Pedagoxía Terapéutica | 1 | | | |
| Audición e Linguaxe | | | 1 | |
| Relixión | | | 1 | |
| Orientadora | | | 1 | |
| Coidadora | | | | 1 |
| Auxiliar conversa | | | | 1 |
| Total | 11 | 3 | 3 | 2 |

- Número total de alumnos escolarizados: 125

Alumnado por curso

| Educación Infantil (2º ciclo) | | |
|---|---|---|
| **4º curso** | **5º curso** | **6º curso** |
| 12 | 8 | 15 |

| Educación Primaria | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **1º curso** | **2º curso** | **3º curso** | **4º curso** | **5º curso** | **6º curso** |
| 10 | 15 | 17 | 16 | 13 | 19 |

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

- Valoración das necesidades do alumnado:

Faise un repaso dos datos do PXAD e da memoria final do curso anterior, así como das actas das sesións de avaliación anteriores, para comprobar os nenos/as que deberán seguir recibindo apoio e atención da especialista de AL e de PT. Estes datos están tamén recollidos como previsión do alumnado que deberá recibir apoio no presente curso escolar 2023-2024.

Dende o Departamento de Orientación decidiuse esperar a facer unha valoración inicial de todo o alumnado que aparece na previsión para este curso e, en función desta avaliación, estableceranse as prioridades para deseñar o horario de AL, PT, e dos apoios de Educación Infantil e Educación Primaria, máis axustados posible as necesidades que presentan o alumnado e os grupos.

*Alumnos que recibirán apoio da especialista de A.L. (datos estimativos) e os alumnos que precisan intervención de P.T. (datos estimativos)*

| Educación Infantil | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º ciclo de Educación infantil | | | | | | | | |
| **4º curso** | | | **5º curso** | | | **6º curso** | | |
| P.T. | A.L. | P.T.+A.L. | P.T. | A.L. | P.T.+A.L. | P.T. | A.L. | P.T.+A.L. |
| 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 1 | 1 | 2 | 4 |

| Educación Primaria | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1º curso** | | | **2º curso** | | | **3º curso** | | |
| P.T. | A.L. | P.T.+A.L. | P.T. | A.L. | P.T.+A.L. | P.T. | A.L. | P.T.+A.L. |
| 1 | 0 | 2 | 1 | 2 | 2 | 0 | 0 | 3 |

| Educación Primaria | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **4º curso** | | | **5º curso** | | | **6º curso** | | |
| P.T. | A.L. | P.T.+A.L. | P.T. | A.L. | P.T.+A.L. | P.T. | A.L. | P.T.+A.L. |
| 2 | 2 | 2 | 4 | 0 | 1 | 4 | 0 | 0 |

No referido ao alumnado de nova incorporación, está pendente de valorar polo Departamento de Orientación o alumnado escolarizado en 4º curso de Educación Infantil, e de nova incorporación noutros niveis (6º de Educación Infantil e 3º de Educación Primaria). Ademais, neste curso débese prestar especial atención ao alumnado que flexibilizou a etapa e ao permanece un curso máis no ciclo.

### 17.3. Proposta de medidas de atención á diversidade do alumnado contando cos recursos existentes no centro

Tomando como referencia os datos estimativos a inicios do presente curso do alumnado obxecto de medidas de atención á diversidade, como se pode observar na táboa que continúa, proponse partir a nivel de centro dunha serie de estratexias metodolóxicas e organizativas para a atención do alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE):

| DATOS ESTIMATIVOS DO ALUMNADO OBXECTO DUNHA MEDIDA EXTRAORDINARIA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O PRESENTE CURSO | Educación Infantil | Educación primaria | Total | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| Alumnos con apoio da especialista en P.T. | 6 | 22 | 28 | Poden variar en función da súa evolución |
| Alumnos con apoio da especialista en A.L. | 8 | 14 | 22 | Poden variar en función da súa evolución |

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

*Nota: Estes datos víronse modificados atendendo as necesidades do centro provocando unha modificación e reorganización dos horarios de PT e AL para intentar cubrir as maiores necesidades do centro, tendo en conta ademais a situación itinerante da especialista en AL, que será compartida con outro centro da zona e tendo menor asignación horaria no presente curso académico.*

Medidas a nivel de centro e aula:

Estas medidas afectan a todo o alumnado do centro, reflíctense na concreción anual da Programación Xeral Anual (PXA) para o presente curso escolar 2023-2024, e son competencia de todo o centro.

É preciso ter en conta que todas as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario deberán ser aplicadas previamente ás de carácter extraordinario ou ben, en casos puntuais, de ser insuficientes, optarase por considerar a aplicación das extraordinarias.

**ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NEAE: MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

**ORDINARIAS**:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización da aula, ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas á contorna do noso centro e ao alumnado.
- Adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación e dos tempos.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos diversos: heteroxéneos, homoxéneos, parellas, titorización por iguais e outras que promovan a inclusión.
- Metodoloxías de corte construtivista e traballo por proxectos.
- Reforzo educativo por parte das titorías.
- Programas específicos personalizados desde a titoría para o alumnado que non promociona de ciclo/curso ou que o fai sen ter acadadas todas as competencias.
- Apoio por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria (Educación Primaria)
- Atención educativa por parte do persoal laboral: coidadora.

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

- Programa de filosofía para nenos/as e de educación emocional (traballo da educación emocional).
- Programa de Habilidades Sociais.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programa de estimulación da linguaxe oral (PELO)
- Programa de seguimento e prevención en Infantil e Primaria

- **Repeticións** (as repeticións son "medidas de carácter excepcional", polo que para consierala como necesaria a levar a cabo é preciso ter en conta que debemos aplicar as demais medidas nomeadas con anterioridade ó alumnado).

**ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NEAE: MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EXTRAORDINARIAS**:

- Apoio dentro ou fóra da aula ordinaria (nunca excederá a terceira parte da xornada escolar) por parte da mestra especialista de Pedagoxía Terapéutica e pola mestra especialista de Audición e Linguaxe.
- ACS.
- Flexibilización do período de escolarización (para casos moi xustificados).
- Agrupamentos flexibles (entendendo estes como grupos de carácter homoxéneo que se constitúen previa autorización da Inspección, como pode ser a formación dun Grupo de Adquisición de Linguas).

## 17.4. Concreción do cronograma de actuación que figura no anexo do documento Plan de Atención á diversidade e calendario de reunións mensuais de seguimento de alumnado

No referido ás liñas de actuación prioritarias basearémonos nas propostas incluídas na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional, no proxecto educativo de centro e <u>nas propostas de mellora incluídas</u>

na memoria do departamento do pasado curso. Destacamos os seguintes ámbitos de intervención:

- Inclusión e atención á diversidade. Formación do profesorado neste eido
- Actuacións relacionadas co plan de orientación e plan de acción titorial
- Promoción da convivencia e da educación en valores
- Actuacións relacionadas cos procesos de avaliación e calidade
- Actuacións relacionadas co benestar emocional da comunidade educativa.

No presente curso, no CEIP Plurilingüe de Castrelo, focalizaremos a atención en maior medida na inclusión e medidas de prevención na atención á diversidade, na mellora do benestar emocional, na promoción dun enfoque de traballo e avaliación competenciais e na promoción da convivencia, tal e como se reflectirá no apartado dos programas prioritarios do Plan de actividades do departamento de orientación. Isto supón desenvolver tanto programas de intervención específicos para alumnado con NEAE como outros programas de corte xeral dirixidos a todo o alumnado do centro.

*Destacamos os seguintes programas e liñas prioritarias de actuación:*

- Iniciar na elaboración e na posta en marcha do **Plan de prevención** en E Infantil e Primaria, coa colaboración das titorías: tipos de informe de seguimento, utilidade para as titorías,...
- Potenciar e avanzar nun enfoque de traballo e avaliación por competencias no centro, coa conseguinte repercusión metodolóxica: traballo cooperativo, por proxectos, obradoiros, Tics,...
- Potenciar os apoios e os reforzos **dentro da aula ordinaria**, buscando modelos de colaboración entre titoría e reforzo máis inclusivos e realizando unha valoración trimestral global destas intervencións e dos informes ás familias, antes da sesión de avaliación.
- Seguir potenciando e colaborar co profesorado do centro na elaboración dos **Plans de reforzo** para o alumnado con NEAE, alumnado que non promociona ou alumnado que promociona sen ter acadado as competencias clave. Ditos plans deberán ser elaborados unha vez detectadas as necesidades na avaliación inicial e serán revisados sempre que sexa necesario.

- Nas aulas que contan cun número significativo de ACNEAE en relación as dificultades de aprendizaxe lectoescritor, cálculo e déficit atencional promover a realización dun plan de atención á diversidade xeral:
    - Medidas xerais (agrupamentos, traballo cooperativo, recantos, organización variada de tarefas e actividades,...)
    - Deseño de obradoiros (gran grupo e/ou pequeno grupo heteroxéneo) de competencia lingüística e matemática (en todos os niveis de Primaria).
    - Adaptacións metodolóxicas non significativas /Pautas de actuación.
    - ...
- Sistematizar as medidas e os protocolos (familias, profesorado, servizos sanitarios, departamento...) establecidos no novo plan xeral de atención á diversidade.
- Seguir avanzando nunha estreita colaboración profesorado de apoio-titoría: programas de intervención, seguimento, boletíns informativos ás familias, avaliacións,...
- Equilibrar, dentro da aula ordinaria, o apoio brindado ó ACNEAE, de xeito que se optimice e se dirixa a atención educativa e os recursos persoais a todo o grupo, buscando, así mesmo, desenvolver a autonomía do alumnado, evitando unha excesiva dependencia do adulto no traballo.
- Continuar desenvolvendo unha **coordinación estreita coas familias** (orientadora e profesorado de PT e AL), en estreita colaboración coas titorías, explicándolles as necesidades observadas, as medidas deseñadas, a necesidade de poñelas en marcha, recomendacións para o ámbito familiar, intercambio de información sobre a coordinación mantida cos gabinetes de apoio externo...
- **Coordinación externa**: Tentar unha maior coordinación entre os departamentos dos CEIP Plurilingüe de Castrelo e comarca, a educadora familiar do Concello e a Gardería Municipal. Incluirase neste apartado a figura da coordinación UACO en relación ao programa RAOGAL da Consellería de Educación.

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

**A nivel específico destacar:**

ADAPTACIÓNS NON SIGNIFICATIVAS: Cómpre mellorar este ámbito reflexionando sobre liñas metodolóxicas base que benefician a atención á diversidade: proxectos, aprendizaxe cooperativa, tarefas funcionais, recantos...; e avanzando en estratexias metodolóxicas concretas na atención ó alumnado con NEAE como os apoios visuais, pasos para resolver problemas (autoinstrucións...), uso sistemático da axenda, ...

EDUCACIÓN INFANTIL: Como etapa fundamental e básica propoñémonos reconfigurar o noso sistema na abordaxe do desenvolvemento neuromotor, psicomotor e sensorial, estudando e mellorando a nosa intervención, fundamentalmente desde un plano preventivo. Ademais cabe considerar que dende hai un par de anos académicos implantouse no noso centro o Programa Plurinfantil, sendo a materia que se imparta en lingua estranxeira a "psicomotricidade", dándolle un peso de maior relevancia no día a día.

Partindo da importancia que ten conseguir un bo desenvolvemento global do alumnado en Infantil como base primordial do seu futuro persoal e escolar, consideramos imprescindible realizar unha profunda análise como equipo, das liñas educativas clave nesta etapa para, deste xeito, poder reconfigurar e establecer un novo proxecto educativo consensuado. Entendemos que hai varios ámbitos ineludibles nesta reflexión: creatividade, pensamento, emocións, habilidades sociais, sensorialidade e psicomotricidade.

APRENDIZAXE SENSORIOMOTOR: Tentarase poñer en marcha un estudo sobre a mellora na aprendizaxe, na atención, nas habilidades visuais... a través do movemento e o desenvolvemento neuromotor/neurosensorial. Isto conlevará a introdución, de maneira experimental, nas aulas de actividades neste sentido e, fundamentalmente, implicará un cambio profundo nos protocolos de avaliación psicopedagóxica desenvolvidos polo departamento de orientación. Iniciamos un camiño formativo que cómpre continuar ó longo deste curso

**DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

A coordinación constitúe unha condición indispensable para o adecuado funcionamento dun centro educativo sentando as bases para a coherencia das actuacións levadas a cabo no mesmo e para optimizar a súa organización e funcionamento. Esta coordinación ha de ser fluída e continuada no tempo, permitindo así reorientar os procesos organizativos e de ensino de acordo coas dificultades que se vaian detectando.

Na posta en marcha deste Plan xoga un papel importante a CCP, establecendo as directrices e liñas xerais e o Departamento de Orientación, impulsando a concreción e a aplicación anual do Plan e asesorando sobre cuestións relacionadas co mesmo. Pola súa banda, os Equipos de Ciclo/Nivel deberán adaptar e contextualizar o Plan ó ciclo/nivel educativo correspondente, elevando as suxestións e achegas que consideren oportunas o Departamento de orientación e a CCP.

A nivel máis específico a coordinación podería concretarse do seguinte modo:

<u>Deseñaranse espazos de coordinación periódicos entre o equipo de traballo na atención ó alumnado con NEAE</u>:

- ★ Unha sesión mensual entre titoría e profesorado de apoio na aula (alumnado con NEE e posibles ACs).
- ★ Unha sesión semanal, onde participarán mestre titor/a e orientadora.
- ★ Unha sesión semanal, onde participarán orientadora e PT e AL.
- ★ Unha sesión trimestral de todo o equipo de traballo.
- ★ Contacto periódico coa familia.
- ★ Contacto periódico (bimensual/trimestral) cos servizos de atención externa: gabinetes psicopedagóxicos, atención temperá, ...

**Coordinación Equipos internivel**

- ■Periodicidade: mensual.
- ■ Contido:
  - ■ ■ Evolución do desenvolvemento xeral do alumnado.
  - ■ ■ Propostas para a mellora do desenvolvemento xeral.
  - ■ ■ Valoración das relacións sociais no grupo.

■ ■ Propostas para a mellora da convivencia.

■ ■ Desenvolvemento e seguimento das adaptacións curriculares.

■ ■ Desenvolvemento e seguimento doutras medidas de atención á diversidade.

**Titorías, equipo de apoio e Departamento de orientación**

■ Periodicidade: semanal / quincenal / mensual.

■■ ■ Coordinación dos equipos docentes.

■ ■ Desenvolvemento dos Plans de Prevención.

■ ■ Etc.

**Así mesmo cómpre ter en conta que:**

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
- Atenderase ó alumnado obxecto dunha adaptación curricular individual.
- Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando os cursos inferiores e, sobre todo, o alumnado con diagnóstico médico (educación infantil e educación primaria).
- Atenderase primeiro aos reforzos que repiten curso dos que non.
- Os apoios irán dirixidos prioritariamente a reforzar as aprendizaxes instrumentais.
- Os tempos de apoio nunha determinada materia deben corresponderse co horario do seu grupo de referencia co fin de garantir a integración do alumno/a na súa clase.
- A distribución horaria dos apoios será variable segundo a evolución dos alumnos e alumnas e á dinámica do centro.
- A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións dentro do curso.
- É fundamental e preceptiva a coordinación titor - profesorado de apoio – orientadora / Xefa de estudos.
- As decisións sobre o horario de atención a cada alumno/a ou grupo de alumnos/as, así como a modalidade de intervención (individual, en pequeno grupo, dentro ou fóra do aula) será proposta pola xefa do DO, en colaboración coas titorías, profesorado de apoio e Xefatura de estudos.

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

- Buscarase a optimización dos recursos humanos do centro, en función das características de apoio que se faga, procurando que ese apoio sexa dentro da aula ordinaria.

Coordinación no cambio de ciclo – etapa:

Para o cambio de etapa están deseñados uns momentos e xuntanzas de coordinación trimestralmente dentro do curso académico que se recollerán no respectivo Plan de Tránsito a Secundaria. En ambos casos establécense xuntanzas interetapas para o intercambio de información: titorías e orientadoras, profesorado de apoio. No paso á Secundaria, os orientadores/as do concello que manteñen a transición no mesmo IES da zona, manteremos unha comunicación directa sobre ACNEAE e, así mesmo, desde Infantil elaboraranse informes sobre todas as medidas de atención á diversidade deseñadas con este alumnado ó longo da súa escolaridade para anexar no seu expediente.

Neste curso e ao longo do mesmo, e dentro da reconfiguración do Plan de preparación para Primaria, ptoponse iniciar unha análise conxunta de medidas na atención ó alumnado con NEAE (adaptacións curriculares non significativas) para facer máis fluída a transición interetapa ó noso alumnado. Tamén sería moi interesante poder compartir as liñas pedagóxicas clave dos centros do concello e establecer unha maior comunicación e coordinación coa escola infantil (0-3) municipal.

Así mesmo, manteremos unha liña estable de coordinación co EOE (técnicos en TEA), coa educadora familiar do Concello (unha xuntanza trimestral, de ser o caso), cos gabinetes de atención psicopedagóxica externa (unha xuntanza trimestral e/ou correspondencia periódica), coas profesionais da USM do CHOP (previa a cada revisión de seguimento) e co IES Francisco Asorey (trimestral). Entendemos que este estilo colaborativo estable de traballo ofrece unha maior coherencia e calidade á atención educativa que prestamos no centro. Contido:

- ▪ ▪ Desenvolvemento das actividades de titoría realizadas cos grupos.
- ▪ ▪ Desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
- ▪ ▪ Seguimento de programas específicos.
- ▪ ▪ Valoración e posta en común da evolución dos grupos.

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

- ■ Aspectos relacionados coa convivencia e o desenvolvemento curricular.
- ■ Preparación das sesións de avaliación dos grupos.
- ■ Tratamento da atención individualizada ao alumnado e ás súas familias.
- ■ Coordinación dos equipos docentes.
- ■ Desenvolvemento dos Plans de Prevención.
- ■ Etc.

**Así mesmo cómpre ter en conta que:**

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
- Atenderase ó alumnado obxecto dunha adaptación curricular individual.
- Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando os cursos inferiores e, sobre todo, o alumnado con diagnóstico médico (educación infantil e educación primaria).
- Atenderase primeiro aos reforzos que repiten curso dos que non.
- Os apoios irán dirixidos prioritariamente a reforzar as aprendizaxes instrumentais.
- Os tempos de apoio nunha determinada materia deben corresponderse co horario do seu grupo de referencia co fin de garantir a integración do alumno/a na súa clase.
- A distribución horaria dos apoios será variable segundo a evolución dos alumnos e alumnas e á dinámica do centro.
- A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións dentro do curso.
- É fundamental e preceptiva a coordinación titor - profesorado de apoio – orientadora / Xefa de estudos.
- As decisións sobre o horario de atención a cada alumno/a ou grupo de alumnos/as, así como a modalidade de intervención (individual, en pequeno grupo, dentro ou fóra do aula) será proposta pola xefa do DO, en colaboración coas titorías, profesorado de apoio e Xefatura de estudos.

- Buscarase a optimización dos recursos humanos do centro, en función das características de apoio que se faga, procurando que ese apoio sexa dentro da aula ordinaria.

## 18. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

A persoa encargada da coordinación en relación a dito plan será Ana Gloria Castillo Rodríguez, xefa do Departamento de Orientación.

Este ano inclúese como actividade a destacar, a solicitude presentada dentro dos Contratos programa, máis concretamente dentro de CPInclúe. O centro presentou un Plan de Mellora na liña Emociona-T, para desenvolver diferentes medidas, estratexias, obradoiros... que resposten ás necesidades detectadas no alumnado no eido emocional.

A continuación, recóllense as seguintes demandas e necesidades detectadas no centro en relación a este Plan:

- Presenza de condutas contrarias á convivencia escolar que se manteñen no tempo con diferente intensidade entre o alumnado e que radican nas frustracións derivadas do ámbito emocional.
- Necesidade de coñecer as características do alumnado con NEAE en relación ao ámbito das emocións.
- Promover prácticas, hábitos, charlas, dinámicas... que axuden ao traballo neste aspecto especialmente entre iguais.
- Promover actividades de achegamento ás familias sobre temáticas que xeran expectación, dúbidas, actualidade...
- Renovar e actualizar o Plan de Convivencia no centro adaptándoo á realidade concreta da comunidade educativa en todas as súas dimensións.

Ademais, teranse as propostas concretas que poidan xurdir de modo explícito sobre o Plan ao longo do curso, e continuaranse contemplando actividades que xa

se veñen realizando ademais das conmemoracións establecidas e/ou recomendadas no calendario escolar, etc.

Engadir que o Plan de Convivencia do centro non se atopa actualizado. Neste curso pretendese retomar a súa renovación e adecuación ó centro, partindo dos resultados obtidos na diagnose de convivencia efectuada no curso pasado que trasladará a Consellería de Educación a través da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2021-2025.

Outras actividades en relación a este Plan que se realizarán son as charlas do Plan Director para o alumnado do 3º ciclo e para as familias. As temáticas que desenvolverán son as novas tecnoloxías e Orientación laboral.

Engadir en relación á convivencia, que no seo do Consello Escolar tamén se establecerá a Comisión de Convivencia que se reunirá, polo menos, 3 veces no curso escolar.

## 19. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

A coordinadora no desenvolvemento deste plan e das súas accións será María Luisa Rodríguez Veloso.

Para este curso 2023/2024, fíxanse as seguintes accións co fin de mellorar e continuar no traballo do relativo a este plan dentro do centro:

| **Obxectivo: Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Día da Muller | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | O 80 % do centro participe na conmemoración desta data sinalada no calendario escolar. | | |
| **Responsables** | Todo o claustro | | |
| **Recursos e materiais** | Mobiliario adecuado e bibliografía axeitada a cada titoría | | |
| **Acción 2** | Potenciar xogos cooperativos e xoguetes non sexistas | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O 75% do alumnado participa en xogos variados tanto no tempo do recreo como os dinamizados dende as aulas. | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Xogos do recreo, taboleiros, materiais como a robótica... | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 3** | Día da discapacidade | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | O 75% do alumnado participa en xogos de rol na que toman conciencia das limitacións e outras características das persoas con discapacidade | | |
| **Responsables** | PDC | | |
| **Recursos e materiais** | Xogos de imitación de roles, visualización de filmes, asambleas,relatorios... | | |
| **Acción 5** | Día do Autismo | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☐ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O 75% do alumnado participa nalgunha dinámica/proposta, lectura... deste día | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado a través de actividades dentro da titoría | | |
| **Recursos e materiais** | Pizarra do recibidor (posible expositor de traballos), materiais fnxibles, medios informáticos... | | |
| **Obxectivo: Discriminar situacións nas que se materialice a violencia de xénero** | | | |
| **Acción 1** | Día da nena | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | O alumnado de EI participará na actividade/obradoiro proposta dende a Concellería de Educación de cambados. | | |
| **Responsables** | Concellería de Educación | | |
| **Recursos e materiais** | Transporte e outros medios audiovisuais para ese día (Biblioteca de Cambados). | | |
| **Acción 1** | Día da Violencia de Xénero | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | O 80 % do centro participe na conmemoración desta data sinalada no calendario escolar. | | |
| **Responsables** | Todo o claustro | | |
| **Recursos e materiais** | Filmes, revistas, xornais, bibliografía axeitada a cada titoría | | |
| **Acción 2** | Potenciar xogos cooperativos e xoguetes non sexistas | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O 75% do alumnado participa en xogos variados tanto no tempo do recreo como os dinamizados dende as aulas. | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Xogos do recreo, taboleiros, materiais como a robótica... | | |
| **Acción 3** | Día do acoso escolar | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☐ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O 75% do alumnado participa en actividades en torno á reflexión e traballo da detección e prevención do acoso escolar. | | |
| **Responsables** | 3º ciclo | | |
| **Recursos e materiais** | Filmes,revistas, pequenas curtametraxes... | | |

Ademais destas accións que xa se atopan incluídas nas diferentes actividades regulares do centro a través das diferentes titorías e equipos de dinamización, valorarase a necesidade de engadir algunha máis de ser preciso. Engadir que para favorecer este plan e continuar no seu desenvolvemento e mellora tamén se terá en conta que:

- ✓ Traballarase material coeducativo para favorecer o cambio de estereotipos e outras concepcións negativas previas ós aspectos dos que trata o plan.
- ✓ Promoción de igualdade de oportunidades ante materiais, actividades, experiencias... ("tanto nenos como nenas podemos facer as mesmas cousas")

En relación á avaliación deste plan, recóllese a continuación un cadro cos diferentes aspectos a analizar. Son os seguintes:

| *Indicadores de avaliación* | *Acadado* | *Parcialmente acadado* | *Non acadado* |
|---|---|---|---|
| **DOCUMENTACIÓN DO CENTRO** | | | |
| Actualizáronse os documentos do centro incluíndo a perspectiva de igualdade de xénero nos mesmos | | | |
| **LINGUAXE ESCRITA** | | | |
| Atendeuse á igualdade e perspectiva de xénero nas diferentes comunicacións do centro: informacións, circulares, cartelería... | | | |
| **PROMOCIÓN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES** | | | |
| Incluíronse xogos cooperativos e/ou xoguetes non sexistas na aula e no tempo de lecer (tempo de recreo) | | | |
| Deseñáronse actividades dentro da acción docente de promoción de igualdade de oportunidades independentemente do xénero e/ou identidade afectivo sexual. | | | |
| Engadíronse rutinas de traballo en grupo promovendo, sempre que sexa posible, a paridade entre nenas e nenos. | | | |

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

| | | | |
|---|---|---|---|
| Promoveuse o traballo en grupo atendendo a que todo o alumnado realizase diferentes roles dentro deles. | | | |
| Realizáronse actividades interniveis promovendo a responsabilidade e igualdade de oportunidades entre todo o alumnado con maior fincapé na etapa primaria. | | | |
| **PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.** | | | |
| Incluíronse actividades en prol á eliminación de estereotipos sexistas. | | | |
| Realizáronse actividades e/ou conmemoracións presentes no calendario escolar en relación á violencia de xénero, acoso escolar, igualdade... | | | |
| O 60% do alumnado mellorou, ante un conflito, a resolución pacífica do mesmo. | | | |
| Promovéronse debates en todos os niveis educativos fomentando o respecto, igualdade, temas de violencia de xénero... | | | |
| **MATERIAIS E RECURSOS** | | | |
| A totalidade do alumnado tivo acceso ós diferentes recursos tecnolóxicos sen diferenza do seu sexo. | | | |
| Dentro do tempo de lecer (recreo e outros momentos puntuais dentro das actividades de docencia directa), ofertáronse diferentes xogos para todo o alumnado por igual. | | | |
| O patio do recreo reformulou diferentes propostas para incluír e desfrutar a todo o alumnado por igual do seu espazo. | | | |
| Nos obradoiros de carácter tecnolóxico fomentouse e ofertouse a mesma gama de recursos a todo o alumnado. | | | |
| ***OBSERVACIÓNS:*** | | | |
| | | | |

Unha vez tidos en conta estes indicadores, procederase á realización da memoria final de curso deste plan. Será elaborada pola coordinadora do mesmo.

# 20.PLURILINGÜISMO

## 20.1. PROFESORADO RESPONSABLE

| Nome Coordinador/a | Horas redución |
|---|---|
| María Elena Rodríguez Portela | 1 |
| **Nome profesores AICLE/CLIL** | **Nivel/Especialidade** |
| Irene Moya Trillo | Titor/a EP |
| Ángela Alba Fernández | Titor/a EP |

## 20.2. PLURINFANTIL

| Curso | Nº grupos | Nº alumnado total | Nº alumnado nova incorporación | Materias | Lingua estranxeira |
|---|---|---|---|---|---|
| 4º EI | 1 | 12 | 12 | Crecemento e harmonía | Inglés |
| 5º EI | 1 | 8 | 0 | Crecemento e harmonía | Inglés |
| 6º EI | 1 | 15 | 2 | Crecemento e harmonía | Inglés |

## 20.3. CENTROS PLURILINGÜES

| Curso | Nº grupos | Nº alumnado total | Materias | Lingua estranxeira |
|---|---|---|---|---|
| 1º EP | 1 | 10 | Educación Plástica e Visual | Inglés |
| 2º EP | 1 | 15 | Educación Plástica e Visual | Inglés |
| 3º EP | 1 | 17 | Educación Plástica e Visual | Inglés |
| 4º EP | 1 | 16 | Educación Plástica e Visual | Inglés |
| 5º EP | 1 | 13 | Educación Plástica e Visual | Inglés |
| 6º EP | 1 | 19 | Educación Plástica e Visual | Inglés |

## 20.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE

O principal mecanismo de seguimento serán as reunións semanais de coordinación entre os diferentes membros do equipo do plurilingüismo (xoves

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

durante a 3ª sesión). Nesta reunión, trataranse actividades a realizar, adecuación destas aos diferentes proxectos e conmemoracións do centro, analizaranse dificultades, estratexias a desenvolver co alumnado, propoñer creación de diferentes materiais para os niveis presentes dentro do plurilingüismo… En definitiva, tratarase de coordinar e aunar forzas para darlle un significado unificado ao plurilingüismo no centro.

Avaliaranse os seguintes puntos:

- ✓ Se os obxectivos formulados na área de Plástica e na materia de Psicomotricidade (Crecemento en Harmonía) en Infantil son acadados.
- ✓ Dificultades á hora de empregar a lingua estranxeira na aula así como os progresos do alumnado.
- ✓ Se a selección, adaptación e produción de materiais é óptima e ben acollida polo alumnado.
- ✓ Se a creación de diferentes materiais para os niveis presentes no centro é a axeitada.
- ✓ Se a presencia da Auxiliar de Conversa motiva aspectos positivos para a ampliación de vocabulario, o uso da Lingua Estranxeira en contextos reais e fomentar a motivación dos/as alumnos/as no uso oral desa lingua.

Estes puntos e o programa en si, avaliarase tamén nunha memoria final na que se recollerán os aspectos fundamentais, impacto no alumnado, aproveitamento do programa…

## 20.5. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

| Nome Auxiliar de conversa | Horas lectivas semanais |
|---|---|
| Maria Teresa Cushing-Daniels | 8 |
| **Tarefas** | |
| Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula | Si ☒ Non ☐ |
| Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos | Si ☒ Non ☐ |
| Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula | Si ☒ Non ☐ |
| Outras tarefas (especificar): | Si ☒ Non ☐ |

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

| | |
|---|---|
| - Participa da hora de coordinación co equipo do Plurilingüismo no centro. | |

## 21. PLAN PROXECTA+

| Nome do Plan Proxecta+: MobilízaT con nós | |
|---|---|
| **Descrición do programa** | Co fin de regular todas aquelas actividades físico-deportivas que se levan a cabo nas instalacións do centro, tanto en horario escolar como extraescolar, considerouse como primordial a consolidación do noso Proxecto Deportivo de Centro (PDC) iniciado en anteriores cursos. Este Proxecto é un documento intimamente ligado ao Proxecto Educativo de Centro e contribúe de maneira directa ao desenvolvemento das competencias clave.<br>Hoxe en día a actividade físico-deportiva reporta multitude de beneficios para a saúde. Dende unha mellor fortaleza ósea ata a prevención da obesidade, pasando por unha mellora da condición física e cardiovascular, unha adquisición de valores como a autoestima, a amizade, o autoconcepto, a cooperación, a superación persoal, etc.<br>A World Health Organitation (2010) recomenda que a xente nova realice polo menos 60 minutos de actividade física de intensidade moderada a vigorosa a maioría dos días da semana. Ademais, numerosas investigacións demostran a estreita vinculación entre a práctica de actividade física ou deportiva e o aumento do rendemento académico.<br>Estes aspectos son algúns dos moitos que impulsan ao CEIP Plurilingüe de Castrelo a continuar con este Proxecto. |
| **Obxectivos** | -Dinamizar a vida do centro escolar xerando actividades físico-deportivas e recreativas que acheguen solucións ás esixencias dos escolares.<br>- Crear hábitos saudables no noso alumnado relacionados coa práctica física e deportiva, que serán determinantes para unha adecuada utilización do tempo libre ao longo das súas vidas.<br>- Adquirir competencia motriz (conxunto de conceptos, habilidades, emocións, sentimentos e actitudes que leven a resolver as situacións motrices que se lles expoñan tanto na contorna da actividade física e deportiva como na súa vida cotiá).<br>- Utilizar o deporte como transmisor de valores de socialización, de respecto, de superación persoal, de traballo en equipo, etc., que influirán no seu comportamento posterior cando se incorporen á vida adulta.<br>- Crear dinámicas que xeren e impliquen ao noso alumnado en |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | actividades físicas e deportivas que lles relacionen coa súa contorna sociocultural.<br>- Integrar diferentes disciplinas a través do corpo e da mobilización funcional do mesmo: música, linguas, matemáticas, EF, inglés...<br>- Fomentar a adquisición de hábitos saudables nos nenos e nenas e concienciar ás familias da súa importancia.<br>- Desenvolver actividades co corpo como protagonista nas que se traballarán outro tipo de materias, competencias clave e valores, co fin da mellora destas e da adquisición de contidos de mellora do rendemento académico.<br>- Gozar da práctica deportiva mantendo un contacto social<br>- Manter o contacto social, co fin de establecer un equilibrio psíquico, físico e emocional.<br>- Rendibilizar na medida do posible as instalacións deportivas do centro escolar, utilizándoas en horario escolar e extraescolar. | | |
| **Cursos implicados** | **Todo o centro** | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Realización do 80% das actividades plantexadas no proxecto. | | |
| **Responsables** | Todo o claustro | | |
| **Actividades** | - Dentro do centro e de horario lectivo:<br>* Dentro de sesións das materias: realizaranse actividades dentro das áreas de música, psicomotricidade, EF... actividades nas que o corpo sexa o medio de aprendizaxe, vivencias, experiencias e motor da mesma (danzas, elementos de coordinación, deseños no espazo...).<br>* A participación no programa XOGADE (xornadas interescolares...).<br>* Organización nas instalacións do centro da carreira solidaria Save the Children para EI, 1º e 2º de EP.<br>* Uso das TICs: creación de presentacións, realización de traballos, busca de información na web, aula virtual...<br>* Continuarase coa promoción do patio cara a un patio dinámico.<br>* Día Europeo do Deporte Escolar, o 30 de setembro.<br>* O 31 de outubro, xogos para a celebración do Samaín.<br>* No Magosto o día 4 de novembro, haberá un concurso de buxainas.<br>* O 3 de decembro, Día da Discapacidade.<br>* En abril celebraremos o mes da AF e da Saúde (TEA, Saúde, AF na rúa...).<br>* O Día Internacional do Xogo, 26 de maio, traeranos unha serie de Xogos do Mundo. | | |

| | |
|---|---|
| | * Dinamización dos tempos de recreo, con diferentes zonas, actividades e material, así como diferentes competicións.<br>* Colaboración co SPAD de Vilagarcía de Arousa.<br>* 21 xuño despedida do curso con Xogos.<br><br>Fóra do centro e dentro de horario lectivo:<br>* Milla diaria. Programada para principio e final de curso en busca dunha climatoloxía adecuada para o seu goce (obviando os meses de<br>inverno).<br>* Excursións, sendeirismo, parque de aventuras, rutas en bicicleta...<br>* Semana azul (actividades de remo, piragüismo, vela...).<br>* Programa Xogade (cros, xogos populares, ateletismo en pusta, piragüismo Dragons...)<br>* Carreira Save the Chilren no Colexio Abrente cos curso de 3º a 6º EP.<br>* Sendeirismo, rutas en bicileta, excursións...<br><br>Fóra do centro e do horario lectivo:<br>* Mochila deportiva viaxeira.<br>* Recomendacións para facer actividade física en familia (Aula virtual).<br>* Uso das TICs para a realización de diferentes actividades: creación presentacións, traballos, visualización actividades deportivas, busca de información...<br><br>Dentro do centro e fóra de horario lectivo:<br>* Actividades deportivas organizadas polo ANPA, o Concello ou clubes deportivos da zona.<br>* Madrugadores activos.<br>* Escola pais: hábitos saudables, benestar emocional... |

## 22. CONTRATOS-PROGRAMA: CPINCLÚE, CPINNOVA

| Liña de actuación: EDUINNOVA (CPINNOVA) | |
|---|---|
| **Descrición do programa** | Nos últimos anos, estase a vivir un cambio profundo nas necesidades e intereses do alumnado, na comunidade educativa e na sociedade en xeral. Neste contexto, atópase a necesidade de vincular o |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | educativo coa vida cotiá, promovendo experiencias e aprendizaxes que procuren o éxito do alumnado e o seu desenvolvemento en xeral cunha mirada posta nas xeracións futuras e nos novos retos que nos plantexa a realidade que xa se intúe presente. Aprender facendo e realizar diferentes desempeños e destrezas serán precisos para poder integrarse na sociedade así como poder vivir nela. A presenza de novas linguaxes, como a dixital e a programación (presente agora no novo currículo que se implementa por completo neste curso académico), fai preciso que se aúnen ás que xa se viñan integrando como son a linguaxe matemática- científica, así como a lingua en todas as súas vertentes (linguas galega, castelá e inglesa dentro do contexto do plurilingüismo). Só así, crecendo cara a adquisición de destrezas e desempeños, fomentarase unha educación integral por e para todos e todas. | | |
| **Obxectivos** | - Mellorar a competencia matemática, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia en comunicación lingüística e a competencia dixital.<br>- Ofrecer ao alumnado metodoloxías didácticas diversificadas e activas en relación ás diferentes competencias para garantir o desenvolvemento máximo do seu potencial e a personalización da aprendizaxe.<br>- Dar resposta ás necesidades do alumnado, especialmente do alumnado NEAE, facilitando e achegando conceptos, estratexias, ... a través de diferentes experiencias: vivenciación, manipulación de diferentes materiais, expresión gráfica, situacións reais...<br>- Mellorar os resultados das competencias do alumnado. | | |
| **Cursos implicados** | Todo o centro | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | - Mellora da competencia STEM nun 15% en relación ao curso 2022/23.<br>- Realización de proxectos nas diferentes competencias con produtos finais en cada unha das titorías (dous en cada nivel de Ed. Primaria, e un na etapa Infantil).<br>- Participación en actividades de robótica semanais na etapa infantil e nos cursos de 2º e 3º de Ed. Primaria. | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Actividades** | - Obradoiros de robótica en Ed. Infantil (internivel) e nos cursos de 2º e 3º de Ed. Primaria.<br>- Integración do pensamento computacional nas diferentes titorías a través de actividades competenciais nas áreas de | | |

| | |
|---|---|
| | matemáticas e de Ciencias.<br>- Exposicións orais internivel de diferentes temáticas, proxectos...<br>- Búsquedas de información na rede (competencia ALFIN) especialmente a partir do 2º ciclo de Ed. Primaria.<br>- Creación de autoría propia empregando diferentes aplicacións.<br>- Actividades de expresión escrita e traslado das mesmas ao laboratorio de comunicación. |

| **Liña de actuación: EMOCIÓNA-T (CPINCLÚE)** | |
|---|---|
| **Descrición do programa** | Durante os últimos cursos académicos, véñense desenvolvendo no centro diferentes iniciativas, cambios físicos e de infraestruturas, de oferta educativa e/ou lúdica en diferentes lugares/contextos nos que presentaban dificultades, conflitos, frustracións... co fin de dar resposta a diferentes debilidades atopadas na análise do contexto do centro.<br>O contexto da pandemia vivida por mor da COVID19 supuxo un punto de inflexión en canto as necesidades ás que atender nos centros educativos. Este aspecto fíxose máis evidente en relación ao benestar emocional do noso alumnado. A pesar de que esta situación padecida por toda a comunidade parece xa quedar lonxe, os efectos e consecuencias na sociedade, en como se afrontan as relacións sociais, a xestión de diferentes estados de ánimo, frustracións, conflitos... fixan un novo reto e un novo punto de mira no contexto educativo: o coñecemento, o entendemento e a xestión das emocións. As situacións que se producen durante o proceso de ensino aprendizaxe, o traballo en grupo, a xestión de tempos, o traballo individual... , así como as cotiás do día a día de calquera persona, provocan múltiples contextos que o alumnado e a comunidade educativa debe poder afrontar coa mellor garantía de éxito posible e a conseguinte contribución ao desenvolvemento da educación integral do individuo. |
| **Obxectivos** | - Adquirir e desenvolver competencias emocionais (conciencia emocional, autonomía emocional, regulación das emocións propias e alleas...), en toda a comunidade educativa, entendidas como competencias básicas para a vida.<br>- Avanzar cara unha educación emocional concebida como un eixe transversal.<br>- Fomentar un clima de confianza e de respecto en relación ás emocións. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | - Desenvolver dinámicas e estratexias que permitan un maior coñecemento do eido emocional.<br>- Implicar ao profesorado na formación da educación emocional do alumnado e da comunidade educativa en xeral.<br>- Mellorar o rendemento académico do alumnado a través da contribución das habilidades emocionais. | | |
| **Cursos implicados** | Todo o centro (Ed. Infantil e Primaria). | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | - Número de acción encamiñadas á implicación do profesorado na formación en educación emocional: 5<br>- Número de accións encamiñadas á mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa: 5<br>- O 20% do alumnado mellora no rendemento académico pola contribución das habilidades emocionais.<br>- Rexístrase un 15% de mellora nos rexistros de aprendizaxe reflexivo ou nas necesidades de comunicación do alumnado máis sociovulnerable. | | |
| **Responsables** | Todo o claustro incluídas as especialidades. | | |
| **Actividades** | - Asambleas e lecturas en relación ás emocións.<br>- Dinámicas e obradoiros: roda das emocións, actividades de rol, obradoiros sobre curtas, material audiovisual… cunha estrutura e linguaxe accesible ao destinatario (alumnado, mestres/as e familias).<br>- Xogos.<br>- Conmemoracións do calendario escolar, emocións e arte.<br>- Creación de recunchos sensoriais e de relaxación en diferentes espazos do centro.<br>- Elaboración de material complementario para o apartado neurosensorial e de movemento. | | |

## 23. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

| Proxecto: Voz Natura | | | |
|---|---|---|---|
| Descrición do programa | O alumnado achégase á natureza a través da horta do centro realizando unha plantación na súa parcela dun produto determinado, mantemento e conservación da mesma., así como a dinamización do invernadoiro colocado no curso pasado. | | |
| Obxectivos | - Coñecer os procesos naturais de crecemento das plantas, así como características, coidados...<br>- Promover o respecto e traballo en grupo .<br>- Amosar interese, compromiso, valores cívicos.. na realización da actividade como un ben social cun proxecto común do grupo- aula. | | |
| Cursos implicados | Todo o centro | | |
| Temporalización | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| Indicador | O 100% do alumnado participa no traballo da horta escolar. | | |
| Responsables | Titores e coordinadora do programa (Ana Patricia González Costa) | | |
| Actividades | Limpeza da horta/parcela.<br>Plantación na época axeitada.<br>Mantemento e recollida dos produtos obtidos. | | |

| **Proxecto: Prensa Escuela.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Programa promovido por La Voz de Galicia no que o alumnado poderá desenvolver o seu sentido crítico así como coñecer de primeira man as seccións do xornal, a búsqueda de información no mesmo, traballo de diferentes temáticas así como fomentar o uso de novas tecnoloxías na aula. | | |
| **Obxectivos** | Promover o sentido crítico a través da prensa.<br>Fomentar a lectura e as súas competencias así como o uso das novas tecnoloxías. | | |
| **Cursos implicados** | 5º e 6º de Ed. Primaria | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Realización dunha actividade semanal sendo o centro de interese a prensa na aula. | | |

| | |
|---|---|
| **Responsables** | Titores de 5º (Marcos Macía González) e 6º Ed. Primaria (Ana Patricia González Costa). |
| **Actividades** | Lecturas individuais e compartidas (comprensión oral e escrita)<br>Búsqueda de novas e fomento do espírito crítico<br>Análise de textos.<br>Consulta da prensa dixital. |

| **Proxecto: Polos Creativos** | |
|---|---|
| **Descrición do programa** | Dende hai varios cursos, no centro estase potenciando e promovendo o traballo ao redor de centros de interese de xeito transversal, tomando como puntos de referencia os diferentes equipos (biblioteca, EDLG, TIC, Departamento de Orientación) que se coordinan e desenvolven conxuntamente propostas artelladas dende a visión do desenvolvemento competencial, a competencia ALFIN así como a perspectiva da aprendizaxe como o marco funcional para a vida dende actividades comúns e tendo en conta as características e necesidades do mesmo.<br>Baixo esta visión e coñecendo a riqueza da nosa contorna, así como a colaboración da comunidade educativa en xeral (familias, ANPA, gabinetes, concello...), preténdese desenvolver o proxecto baixo o título "Un Castrelo por descubrir: a nosa contorna, a nosa riqueza". Nel e en colaboración estreita co colectivo anteriormente citado, trataranse de desenvolver valores, estratexias, coñecementos, capacidades, destrezas sobre a contorna directa que favorezan o desenvolvemento do noso alumnado, así como darlle unha funcionalidade e perspectiva de inclusión para toda a comunidade educativa. Para iso e como produto final, este material terá unha difusión na contorna grazas ao traballo en equipo e de colaboración con diferentes colectivos (concello, familias, asociacións de referencia para a achega e adaptación do material creado na perspectiva da inclusión e igualdade...).<br>Neste curso este programa dinamizarase a través dunha hora lectiva semanal na que cada aula poderá desenvolver diferentes proxectos neste espazo creativo. |
| **Obxectivos** | Promover o sentido creativo de cada alumno/a dende |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | unha perspectiva artística ampla e variada.<br>Fomentar a mellora das competencias clave de modo integral nas actividades presentadas.<br>Deseñar actividades que, ademais de contribuír á mellora grupal e individual, conten coa presenza da comunidade educativa e presenten un produto final. | | |
| **Cursos implicados** | Ed. primaria e, na medida do posible, facilitarase a inclusión do alumnado de Ed. Infantil. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Realización dun produto final por trimestre. | | |
| **Responsables** | Titores e coordinadora do programa (Rocío González Betanzos) | | |
| **Actividades** | Deseño de maquetas<br>Creación de produtos de diferente tipoloxía: vídeos, audios, paneis informativos, libros ilustrativos... | | |

| **Programa: Biblioteca Creativa** | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | A través deste programa o alumnado poderá desenvolver a súa creativa e experimentación a través de diferentes recursos que acheguen ao alumnado ao pensamento computacional a través de actividades manipulaticas e outras programadas desde a biblioteca escolar. Tamén se poderán recoller propostas en relación á expresión oral, alfabetización múltiple, razoamento lóxico, xogo, investigación e traballo colaborativo de profesorado e alumnado. | | |
| **Obxectivos** | - Promover a creatividade e experimentación no alumnado de Educación Infantil e Primaria.<br>- Dinamizar a biblioteca como un centro de recursos para a aprendizaxe con múltiples posibilidades.<br>- Potenciar a alfabetización múltiple a través de diferentes actividades, propostas, investigacións, traballos... | | |
| **Cursos implicados** | Educación Infantil e Primaria | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | O alumnado participa nas actividades de obradoiro propostas para este espazo creativo. | | |
| **Responsables** | Coordinadora (Irene Moya Trillo) a través das diferentes titorías e especialidades. | | |
| **Actividades** | - Obradoiros de Lego.<br>- Exposicións orais. | | |

| | |
|---|---|
| | - Investigacións en relación ao PDI.<br>- Obradoiros en colaboración con outros equipos de dinamización en horario lectivo e/ou non lectivo. |

| Programa: Radio na Biblio | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | A través deste programa preténdese estimular ao alumnado co fomento de traballo a través de emisoras/laboratorios de radio. A finalidade será ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promovendo a expresión oral, a alfabetización múltiple e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. | | |
| **Obxectivos** | - Fomentar a expresión oral e a responsabilidade nas producións propias e cos iguais.<br>- Promover o traballo colaborativo para a realización de cuñas radiofónicas.<br>- Deseñar proxectos de investigación en relación a diferentes temáticas traballadas nas materias, intereses... | | |
| **Cursos implicados** | Alumnado de primaria | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Realizouse unha cuña radiofónica por ciclo. | | |
| **Responsables** | Coordinadora (Ana Patricia González Costa) a través das diferentes titorías e especialidades. | | |
| **Actividades** | - Obradoiros de formación en relación á expresión oral, preparación de escaletas...<br>- Acción titorial entre alumnado para coñecemento da parte técnica do proceso de gravación.<br>- Creación e gravación de cuñas radiofónicas. | | |

| Programa: Plan Director | |
|---|---|
| **Descrición do programa** | En relación ás actuacións solicitadas polo centro, trátase dun plan con medidas dirixidas á sensibilización, prevención e detección precoz de situacións de risco , ademais de mellorar o coñecemento e confianza en relación ás forzas de seguridade do estado e do servizo público que prestan á comunidade baixo unha visión de futuro e orientación profesional. |
| **Obxectivos** | - Coñecer e desenvolver estratexias seguras no traballo e tempos de lecer coas redes.<br>- Sensibilizar ao alumnado en relación coas situacións |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | de risco en relación coas TIC e a Ciberseguridade.<br>- Coñecer as principais funcións dos corpos de seguridade do estado e a súa labor de servizo público. | | |
| **Cursos implicados** | 3º ciclo de primaria (5º e 6ºEP) | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Realízanse os obradoiros coa presenza da GC.<br>Recóllese a avaliación de dito plan unha vez feitas as actividades e se adxunta ás autoridades con competencia no mesmo. | | |
| **Responsables** | Dirección do centro e titores do 3º ciclo. | | |
| **Actividades** | - Obradoiros para alumnado: Tic- Ciberseguridade e Orientación Profesional.<br>- Charlas para familias sobre os temas solicitados. | | |

Todos estes programas, proxectos e/ou plans, desenvolveranse ó longo do curso académico 2023/2024, valorando cada unha das súas accións e actividades. Así mesmo, ao final do curso académico realizarase unha memoria descritiva e avaliativa de cada un deles que se incluirá na Memoria Anual. Todas elas serán remitidas a Inspección Educativa.

## 24. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Para empregar as instalacións do centro o protocolo a seguir será o seguinte:

**Organismos do concello ou outros**

- Informar ó Consello Escolar da actividade. Este dará a súa opinión ó respecto e dará a súa aprobación de ser o caso.
- A continuación, trasladarase a información e a petición ó Xefe Territorial xa que é o que ten competencias ó respecto.

**Actividades entre dúas ANPAS**

- Información e aprobación no Consello escolar das diferentes actividades a realizar. Deberase aprobar en ambos Consellos Escolares.
- A ANPA presentará no centro un documento onde deban especificar o alumnado usuario dun centro e doutro por mor do Seguro e de posibles accidentes.

- O centro trasladará estes datos á Inspección Educativa a través de sede electrónica.
- Esta informará o Xefe Territorial para que resolva a cuestión (autorización).

Cada actividade da que se reciba solicitude trasladarase seguindo un dos procedementos arriba sinalados. Fundamentalmente, trátase de solicitudes de agrupacións, organización pedagóxicas ou sociais, e organismos deportivos da zona. Debido ao incremento das solicitudes, *determínanse uns criterios para proceder á tramitación das mesmas:*

- *que proveñan de asociacións, agrupacións, entidades da contorna* así como aquelas que se solicitan dende o portelo do concello e sempre que sexan integrantes da comunidade educativa de referencia do centro.

- *daráselle preferencia a aqueles que sexan da contorna de Castrelo, do concello de Cambados, que proveñan de asociacións/entidades sen ánimo de lucro, e que promovan hábitos de vida saudable.*

- *así mesmo, procurarase dar resposta á comunidade educativa do mellor modo posible dando a oportunidade de que poidan facer uso das instalacións o maior número de agrupacións locais no caso de ter alta demanda das mesmas.*

Reseñar que no procedemento anterior, a solicitude deberá ser acompañado do seguro da actividade e/ou responsabilidade civil.

No curso actual, non se recolleron ata o momento ningunha solicitude por parte de ningunha asociación. No caso de presentarse, seguirase o procedemento arriba indicado e informarase ao Consello Escolar na seguinte reunión que se manteña, sexa ordinaria ou extraordinaria.

## 25. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

O centro colaborará coa A.N.P.A. O Castro de Castrelo naquelas actividades extraescolares organizadas por esta na medida das súas posibilidades, cedendo espazos, dando publicidade nas aulas e no espazo web do centro,

responsabilizándose en todo caso os/as organizadores/as dos gastos ou estragos que poidan ocasionar.

Anualmente engadirase á Programación Xeral Anual o programa de actividades organizadas pola A.N.P.A. para o curso correspondente, despois da súa aprobación polo Consello Escolar.

Ademais das que a continuación se sinalan, a ANPA adoita organizar as seguintes actividades:

- ✓ Magosto : celebración no centro no mes de novembro.
- ✓ Entroido: preparación de carroza para participar en desfiles de diferentes concellos.
- ✓ Maio: elaboración dun maio.
- ✓ Festa de Fin de Curso.

Todas elas son realizadas fóra de horario lectivo sen interferencias coas actividades do centro.

*As actividades que se desenvolverán neste curso académico serán as seguintes:*

- ✶ No pavillón do centro:
  - Patinaxe. Os venres de 16 h a 17 h e de 18:30 h a 19:30 h.
  - Dance e rítmica. Os venres de 17:15 a 18: 15 h.
- ✶ Na aula de psicomotricidade:
  - Judo: luns e mércores de 16h a 17:30 h
- ✶ No local do Couto:
  - Pintura: martes de 16 h a 17 h.
  - Informática: os xoves de 16 h a 17 h.

Ademais das anteriores, a ANPA realizará outras en diferentes épocas do ano. Para a preparación e/ou celebración das mesmas empregará, puntualmente, o pavillón e o patio do centro. Unha das actividades que realizará, entre outras, será o Entroido.

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

## 26. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Para realizar a avaliación xeral do centro teranse en conta cada un dos indicadores que se estiveron sinalando en cada punto desta PXA.

A nivel de reunións e de valoración de actividades, terase en conta ó claustro e tamén ó resto da comunidade educativa (familias) xa que son parte implicada en cada un dos procesos que se veñen sinalando nesta PXA.

Para iso en cada reunión semanal do profesorado, así como nos Consellos Escolares, informarase de todas as actividades, utilización dos recursos... sempre intentando mellorar a acción directiva do centro e o aproveitamento do material e do tempo. Coas aportacións, críticas e valoracións de todos os membros terase unha visión máis global e que recolla diferentes puntos de vista e opinións, sempre no ámbito de procurar a mellora de toda a Programación Xeral Anual.

Por último, empregarase a memoria final non só como tal, se non como ferramenta de revisión desta PXA e todas as accións e actividades que puideran darse ó longo do curso. Nesta recolleranse propostas de mellora de cara o vindeiro ano académico.